

UN CONTO INESQUECIBLE

Cando os meus avós, América e Xesús, casaron, eran novos.

Vivían en Lamas na casa dos pais do meu avó, el tiña sete irmás. Non había tele pero que ben o pasaban; traballaban no monte, nas leiras e de vez en cando bañábanse no río. Os irmás do meu avó eran Pepe, Arturo e Manolo. A sogra de miña avoa chamábase Manuela, un bo día de setembro mandoulle a América ir buscar ó monte un pouco mulime.

-Hoxe tes que ir ao monte ao Alto do Rubío. - Díxolle Manuela á miña avoa América.

-Eu soa non vou.

-Entón avisa a Xesús e que vaia contigo, que leve o carro e tamén poden ir Manolo, Pepe e Arturo que vos axuden a apañar e cargar o mulime -díxolle Manuela.

Manolo que era o máis pequeno non quería ir, seica facía moita calor.

A súa nai abrigounos para ir ao monte. Tiñan uns bois moi fortes que tiraban por un carro do país (de madeira).

Os camiños eran de pedra e terra, cando chovía formábase lama, enterrábase o carro e espetábanse os bois.

Ese día non chovía, ía moita calor. O meu avó era o que chamaba o carro, Manolo, Pepe América e Arturo, ían enriba do carro, cando estaban chegando a súa leira, os bois pararon de súpeto no medio da correioira, e o meu avó berroulle :

-¡Veña andade para diante!

Pero os bois non se movían, era como se viran ao lobo. América díxolle a Xesús:

-¡Xesús mira que hai no ruleiro! ¡Unha víbora!

O meu avó que non ten medo a nada díxolle:

-¡Rápido dádemme a fouce, e vós quietos enriba do carro!

A miña avoa quedou muda e paralizada, tíñalle pánico ás serpes. Manolo díxolle a Xesús:

-¡Apura que está embravecida e vaise meter no medio das pernas os bois!

Mentres meu avó corría detrás da serpe os bois asustados votaron a correr pola correioira. A roda do carro subiu por enriba dunha pedra grande e o carro dou a volta, alá van América, Pepe, Arturo e Manolo, no medio dos toxos.

A avoa mancouse nunha perna, e de súpeto púxose a berrar como si estivera tola.

-¡Axudádeme! ¡Axudádeme!

O meu avó votou a correr cara ela e mentres díxalles:

-Tede coidado que me escapou a serpe e agora aínda está máis embravecida.

Mentres América non paraba de berrar:

-¡ Que me pica a serpe! ¡Que me pica a serpe!

Manolo xa comezaba a asustarse un pouco con tantos berros de América e cando se xirou para dicirlle que calara veu a serpea o seu lado:

-América non te movas que tes hai a serpe. -

Ela quixo coller un pau pero nese momento a serpe picouna no brazo. Meu avó doulle ca fouce. Miña avoa xa se desmaiou non sabía se fora do susto ou do veneno da serpe.

Entre os tres trouxérona para a casa no cabalete. Arturo que era o maior, quedou no monte cos bois e co carro, cando conseguiu poñelo en pé pensou que sería ben traer a serpe para a casa.

A sogra da avoa chamou a Don Luís que era o médico:

-¡Veña de contado que América vai morrer! picouna unha serpe, e aínda segue sen coñecemento.

Cando o médico chegou preguntoulle a Xesús :

-Pero que foi o que a picou , unha serpe ou unha víbora, ¿Colléstela?

Nese momento entra Arturo na eira:

-¡Vide aquí que trouxen a serpe !

O médico, cando a veu díxolle:

-Non vos fixastes nas cores que ten, é unha víbora. Hai que levar a América ó hospital ¡rápido!

No hospital, puxéronlle un tratamento que lle foi moi ben, o médico do hospital díxolle:

-Menos mal que trouxestes a víbora para saber que veneno tiña porque se non ata puido morrer.

A miña avoa tardou moitos, moitos anos en volver o monte pero agora presume de que a picou unha serpe, non hai veciño na aldea que non saiba do conto.

$$(7) \quad 5 = 6$$